


O CANDIL

Maio 2000

Nº 23



**NUN LUGAR ONDE A
IMAXINACIÓN...
(VI CONCURSO DE CONTOS)**

Por sexto ano consecutivo queremos dedicar O CANDIL, que sae a rúa co gallo do Día das LETRAS GALEGAS dedicadas á honra de Manuel Murguía, ós gañadores do CONCURSO DE CONTOS que anualmente organiza o CEIP ´A PEDRA´ de BUEU.

Expresar o noso agradecemento a tódalas persoas que, colaborando con nós, fan posible esta pequena mostra, en especial a tódolos mestres/as do CEIP de BELUSO de Bueu, CEIP SEQUELO de Marín, CEIP A GUÍA de Moaña, CEIP A RÚA de Cangas, CEIP ESPÍNEIRA de Aldán, Colexio VIRXE MILAGROSA de Bueu, IES ILLA DE ONS de Bueu, CEIP A PEDRA de Bueu, e a todo o alumnado participante neste VI Concurso de Contos.

Case que tódolos debuxos que acompañan ós contos son do mesmo autor do relato; aqueles que non posuían debuxo foron ilustrados por compañeiros do mesmo nivel.

***“Ilusións falangueiras permeables
ós sentimentos da nenez
que te enfeitizan permitindo
ó desafabo do espírito.”***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Profesorado e alumnado do Colexio Público de Bueu
Equipo de Normalización Lingüística
Antonia Castro García e Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño Meira e Xosé L. Fdez. Aldegunde
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN : 1137-1994

Manuel Murguía



En 1833 naceu
Manuel Murguía




O pai de Murguía era boticario




Murguía estudiou a carreira de
Filosofía



Escrebiu a súa primeira novela
para un xornal: "Desde el cielo"



O seu primeiro artigo, 1856, "His-
torias de Galicia"



Tamén publicou o libro de lectura
"La primera luz"




Manuel Murguía marchou cara a
Madrid para estudar Farmacia



Coñece a Rosalía de Castro



Casa, en 1858, con Rosalía



Tiveron 7 fillos



Escrebe Historia de Galicia



Morre en 1923

Por Estefanía Rodríguez Fazanes de 5º E. Primaria do CEIP de Bueu

OS QUINCE DE ANA

1º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autora: **NOEMÍ IGNACIO COSTA**

IES ILLA DE ONS de Bueu

Ana é unha adolescente de quince anos. É morena de ollos negros, un negro coma o acibeché. É alta e delgada. Guapa.

Ela cría todo o contrario. Cría que non era nada. Nada neste inmenso mundo no que a vida non tiña motivo.

Nestes últimos anos da súa vida, sentía como todo se lle caía enriba e non tiña a ninguén que lle axudara a erguelo. Tiña moitos amigos, e á vez ningún, porque nunca estaban alí, cando os necesitaba.

A súa nai non facía máis que dicir que xa non sabía que facer con ela, nin que era o que lle pasaba. O seu pai, ó que quería moitísimo, sempre pasivo. Só para as urxencias. E a súa irmá que sempre preguntaba o porque de todo.

Este último ano gustáballe Ricardo, "Richi". Sempre pensando nel, coas súas fantasías. Nese rapaz intocable, maior ca ela e interesado en rapazas aínda maiores.

Un día, sen saber como, comezoulle a falar. Fixéronse moi amigos e remataron saíndo.

Tres meses de ledicia, dor, sufrimento, risas. Tres meses nos que cada vez que o vía sentíase outra, doutro planeta, afortunada e envexada. Ó ver eses ollos verdes, que a vían co mesmo entusiasmo, sentíase a máis grande do universo.

Todo remata. E aquilo tamén. Todo volveu a ser coma antes, e ela aínda o quería.

Nunha das moitas veces que estaba escoitando música, os "Teenagers", esa música coa que desconecta de todo e faina voar dos seus ídolos, abriu a porta a súa nai e deulle o correo. Propaganda, propaganda, iunha carta da radio! Facía meses que chamara para un concurso no que gañabas unha viaxe a Estados Unidos para asistir á presentación do novo disco dos "Teenagers". ¡Tocáralle a ela! "De toda Galicia, a min!"- repetía sen poder crelo.

Sería esa fin de semana, para dúas persoas con todo pago. O teléfono comezou a soar sen parar. Tódalas chamadas comezaban así: ¡Ola, a miña mellor amiga! Díxenche o moito que me gustou o teu traxe na festa...

Xa o sabían todos, case antes ca ela. ¿E a súa nai?

Rogos, lágrimas, berros, desesperacións, pero nada. Ó día seguinte non cede. Só os tres días, convenceuna coa axuda do seu pai.

- E agora unha amiga, porque un amigo... os meus pais... – dicía despois de dar chimpos e chimpos de ledicia.

María presentouse na súa casa xa dúas horas antes da saída do avión. Non podían nin falar, nin pensar.

Xa estaban todos no aeroporto, todos. Tiñan que despedirse das afortunadas da cidade.

¡Tráeme un autógrafo!

¡Que non se che esquezan as fotos!- berraban cando elas xa ían polo aire.

Ó chegar a Nova York estábanas agardando. ¿E din que na realidade é moito peor? Sería, porque todo iso para elas era un soño. Tódolos edificios rañando o ceo, a xente dun lado a outro falando nese idioma que lles gustaba tanto, os rapaces, as tendas...

Había contaminación, barrios marxinais... ¿e que? Nese momento...

Ó chegar o hotel de "five stars", o primeiro que viron foi as súas caras, as caras dos seus ídolos que se abrían na multitude da xente que apartaban os gardas. "Non son nada fotoxénicos" – dicía María.

Recibíronas coma se as coñecesen de toda a vida. ¡Estábanas agardando! ¡A elas! O que fai a radio...



Guapos, simpáticos, atentos...

Cearon e foron para cama. Ó día seguinte sería o gran día. Terían moitas cousas que pensar pola noite.

¡Qué presentación! ¡Qué voces! ¡Qué, qué... que todo! Pasaron as súas dúas mellores horas da súa vida.

Todo o bo se acaba. Fixeron as maletas e o taxi amarelo levounas á estación. ¡Noooooon! ¿iPor qué...!?

María falaba polo móbil, sen poder agardar, berrando, contándolle todo con pelos e sinais a

tódalas súas amigas. ¡Non! ¡Ana non se ía! ¡Quedaría alí! ¡Seguindo ós seus ídolos, pasase o que pasase! E sen pensalo dúas veces baixouse do avión. Cando María se decatou, xa era tarde.

Vendeu o billete, que aínda non entregara, e cos dólares que lle quedaban foi ó hotel. Entrou, na habitacións dos "Teenagers" como puido e viu a realidade: cada un nunha esquina, sen maquillaxe, sen a súa roupa... Cando a viron dixéronlle qué facía aínda alí, insultárona, desprezárona.

Correu todo o que puido e botouse a chorar. Eses non eran os seus "Teenagers", os que ela coñecía. Os que se portaran tan ben e as trataran con tanta confianza. ¿Por qué? ¿Por qué non fora capaz de ver a realidade?

Agora si que o vía todo ben. Non sabía onde estaba nin coñecía a ninguén. Co seu pouco inglés, sen os seus pais, ¿Qué facía alí?

Nada máis chegar, María contoulle todo ós pais de Ana. Deulles un ataque de histeria, pero rapidamente chamaron á policía. Dixéronlles que tiñan que pasar vintecatro horas antes de buscar a alguén perdido, que o sentían, pero bla, bla, bla...

Sen outra solución, mercaron dous billetes para ir eles na súa busca.

Xa ían saír, cando se presentou Richi na súa casa, pero a bulla ía ser boa. Non podía. Intentou explicarlle a súa situación a moitas persoas, pero nada. Non llo quería dicir á policía, o escándalo sería pouco.

Cando xa estaba a punto de dicirlllo á policía apareceron pola porta principal do aeroporto os dous homes da súa vida. Ou un... ¿Qué facía Richi alí? Que importaba. Xente española, xente galega, a súa xente. Correu e correu. Abrazos, bicos, rogos, desculpas...

Subiron ó avión. Ó chegar á casa estaban todos agardando. Todos os que, para ela, non farían nunca nada por axudala. Os que non moverían un dedo por ela e só lle falaban cando lle conviñan. Estaban todos alí. Preocupados e anoxados porque fixera esta locura.

Gustáballe a súa vida. Gustáballe o seu mozo. Gustáballe ser así. E nunca, nunca, lle gustaría tanto ningún tipo de música.

¿UN DESMAIO?


2º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autor: **BORJA PIÑEIRO MUNDÍN**

IES ILLA DE ONS de Bueu

Bos días a todos. ¿A que non sabedes onde estou? Pois nun auténtico F/A-18 (un avión de guerra).

Meu pai traballa nun destes chismes. Eu chámome Pedro, e teño 10 anos. Gústanme moitas cousas deste mundo. Pero odio a escalada (porque teño vertixe). Son bastante baixo para a miña idade. Pero



gracias a iso estou agachado no F/A-18 do meu pai, a punto de despegar.

Hornet 1, autorizado despegue.- Decía a torre de control-.

Recibido.

E de súpeto empezou a tremer o chan. Asustado, levanteime. Ó levantarme, o meu pai deuse conta da miña presenza e díxome:

Pedro... ¿Que fas ti aquí? ¿Quen che deu permiso?

E que... Quería ver con máis detalle cal era o teu traballo e...

¡Non sei que facerche! Pero agora teño que bombardear un barco e non podo levarte a terra. Ademais se decatan os meus xefes que o meu fillo está aquí, despídenme.

Síntoo de verdade. (E estaba verdadeiramente desgustado. Ademais xa sentía como me caían unhas pequenas lágrimas).

Anda, séntate nese asento e estate calado.

O avión corría que voaba. Agora xa sabía con certeza o que quería ser de maior.

Pero ós cinco minutos do despegue, un son estraño, empezou a soar.

¿Que pasa? – pregunteille ó meu pai.

Algún inimigo que pensou que estábamos de aniversario, e enviounos de regalo un mísil.

¿E esa outra cousa branca, é outro mísil?

¡Afirmativoooooooooooooooooo...!

E, de súpeto, unha luz branca, unha forte brisa e un ruído estremecedor, impactou contra nós.

Cando abrín os ollos, estaba nun lugar de ensoño. Todo era moi suave, e as cousas tiñan unhas cores moi diferentes ás da "Terra". Ademais parecía que flotaban as cousas, porque a penas había gravidade. Incluso eu, cando daba un brinco ía un ou dous metros cara arriba, e despois caía lentamente.

Pero non todo era tan máxico, posto que o cabo de estar alí un curto tempo, unha ave xigantesca, que debía ter un pico duns tres metros, colleume pola camiseta e elevoume. Dende alá arriba, podía ver que tódalas árbores tiñan froitos e follas moi rechamantes. Tamén se podían observar grupos de animais moi raros. Pero ningún deles se pelexaba cos outros. É máis, todos compartían a súa comida. Outra das cousas das que máis me chamou a atención foi o Sol, porque era un pouco máis grande, e dun color azulado. E o máis bonito, era que os seus raios formaban animais mitolóxicos.

¿Estaría no ceo? ¿Estaría noutro planeta? ¿Ou despois do accidente do avión estaba morto, e este era o camiño do que tanta xente falaba? Tiña medo. Unha porque (non o vou a negar) pode que estive-



ra morto, e outra porque a ave que me tiña suxeito, cada vez ía máis alta. E para poder descartar esta segunda opinión, entrei no seu pico de 3 metros.

Dentro atopei toda clase de chismes e aparellos, incluso un paracaídas que me serviu para combater a vertixe. Agora tiña que saltar como fose. E cando abriu a boca, saltei.

Fun caendo e caendo. Cando estiven a cinco metros do chan produciuse unha especie de terremoto e a terra abriuse.

Pechei os ollos e cando os abrín estaba ó lado do meu pai en paracaídas. ¡Acababa de atravesalo chan!

Despois de aterrar expliqueille o que sucedera. Pero non o cría. El dicía que seguramente me desmaiara.

Tamén lle preguntei polo avión e díxome que o misil impactara contra nós e que entón saíramos despedidos polo avión co paracaídas. O avión caeu ó chan e quedou en anaquiños.

Eu sabía que non me desmaiara. E cando fose maior, nun avión como o que tiña meu pai, iría a ese lugar que está preto do Paraíso.

O home que busca a xuventude

3º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autora: ÁNXELA M^a SÁNCHEZ SANTOMÉ

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Érase un home chamado Artur, ó que lle gustaban moitos os libros, e ata tiña na súa propia casa unha grande biblioteca, que era coidada polo seu fillo maior. Tamén tivera outro fillo moi desafortunado porque naceu xordo, coxo e cego, pero xa morrera.

Trala morte do seu fillo, Artur estaba moi triste e a súa familia non sabía que facerlle para contentalo, entón pensaron en darlle unha sorpresa para o día do seu aniversario que xa estaba preto.

Cando chegou o día, Artur non se decatou de que era o seu aniversario, pero á hora da comida déronlle un regalo e un pastel para soprar as velas.

Mentres todos cantaban "cumpre anos feliz" Artur desenvolveu o enorme regalo, intentando adiviñar que podía ser. Sen embargo, cando viu o agasallo, puxo un xesto de amargura ó ver que era un mexedor.

Aquí podes descansar tranquilamente, ¿Verdade que é un regalo adecuado para a túa idade? – dixo Pepa, a súa muller.

¿De verdade que son tan vello? Que rápido pasan os anos, parece que foi onte cando, en plena xuventude, comezamos a nosa vida en común, ¡Ah!. ¡Quen me dera volver a aquela idade! – dixo Artur con voz moi baixa.

Onte pola noite estiven lendo un libro de Xoán de Vilé e dicía que un home sentíase moi vello e entón decidiu ir a Cabedelos e alí atopou a cova da xuventude e por curiosidade entrou, desde ese día sentíase moito máis mozo.


Podemos facer o mesmo. Ó mellor... – dixo o seu fillo.

¡Que disparate! Iso non é máis que unha lenda.

Non, non, nada de lendas. Ese libro seguro que conta realidades. Veña, preparádevos, imos a Cabedelos – anunciou Artur.

Mentres Artur ía colle-lo helicóptero, a súa muller mailo seu fillo facían as maletas.

Horas despois, xa preto de Cabedelos, estaba un enorme cabaleiro no alto das montañas, mirando con desconfianza ó helicóptero: vestía como os antigos policías españois e nas súas mans levaba unha arma pequena.



De súpeto, disparou e deu na hélice do helicóptero:

-¡Estamos sen control! ¡Preparádevos para unha aterraxe de emerxencia! – berrou Artur.

O helicóptero empezou a dar voltas e caeu nas augas do mar e comezou a afundirse.

Xurxo, o seu fillo, foi o primeiro en saltar e caeu sobre unha árbore que estaba á beira dunha pequena praia. Durante varias horas Pepa estivo buscando ó seu fillo, mentres Artur construía unha cabana para pasa-la noite.

De súpeto, escoitou un son e viu o cabaleiro de antes, asomándolle unha machada enriba da cabeza.

Artur perdeu o coñecemento co susto e cando espertou, atopouse ó lado da súa muller atrapados nunha rede.

Xurxo ía paseando buscando ós seus pais e atopou unha casiña de madeira. Asomouse á ventá e viu ós seus pais atrapados e o cabaleiro quitándose o casco.

Pero se é un vello! Se quita esas armaduras seguro que non quedan máis que ósos- pensou Xurxo:

O cabaleiro, todo enfadado, dixo: - ¿Por que viñestes rouba-lo meu segredo?

¡O teu segredo! Nin sequera sabíamos que vivías aquí- dixo Pepa.

Non me mintades, sei que queredes o meu mapa da cova da xuventude- dixo o cabaleiro.

¿O mapa? ¿Telo ti? Se o tiveras non estarías así de vello- dixo Artur.

O cabaleiro descubriu o fillo dos prisioneiros e mandouno entrar na casa, unha vez todos xuntos comezou a contar a súa historia:

Vin aquí hai moitos anos en busca da cova da xuventude e atopei esta armadura e o mapa gardeino dentro desta bota.

¿Onde está a cova?- preguntou Artur.

No interior dun castelo- respondeu o vello cabaleiro.

Cando saia o sol, lévanos alí- pediu Artur.

Horas despois, foron ó castelo e entraron. Foron ata o interior e atoparon unha cova. As paredes tiñan figuras talladas, que parecían de cristal.

Seguiron o camiño e atoparon un pozo cheo de auga cristalina, que se te mirabas nela, parecía que tiñas 40 anos menos.

Iso é o segredo da cova. A auga non rexuenece, senón que che di como eras no pasado- dixo o cabaleiro.

Xa era hora de volver para casa e o cabaleiro acompañounos ó aeroporto para despedirse.



CAMPAMENTO MISTERIOSO


4º PREMIO – CATEGORÍA D (1º Ciclo da ESO)

Autora: **CRISTINA SANMARTÍN CHAPELA**

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Ocorreu unha vez durante a miña vida algo excepcional, fantástico, misterioso... pero moi, moi raro.

Todo comezou o verán pasado. Como de costume, eu queixábame por quedar tódolos veráns na casa, o pouco que podía facer era ir a praia ou de merenda ó monte; non é que non me gustase, pero aburríame facer o mesmo un ano tras outro, e como eu son moi insistente, convencín ós meus pais para marchar. A miña ledicia saía das órbitas, pero cinco minutos despois estaba coma ó principio, íría de campamento a unha serra ás aforas de Madrid, eu soa, xa que a miña irmá pequena Carla, de seis anos, non tiña idade dabondo para se marchar comigo. O campamento duraría todo o mes de agosto, asía que máis me valía facer bos amigos, se non me quería aburrir como na casa.



Tres semanas despois chegou o día da despedida, por un lado estaba contenta, pero por outro..., ¿Que pasaría se non facía boas amizades? ¿botaría moito de menos á familia? Eran algunhas das preguntas que non deixaban de ocupar a miña nerviosa mente.

Unha, dúas, tres, catro, cinco e seis horas foron o que tiven que soportar de autobús, con algún que outro altercado dixestivo, xa me comprendedes.


Xa estaba no campamento, e antes de nada, iniciáronse as presentacións. O que máis me estrañou foi que antes de que me puidera dar conta, tiña un montón de amigas e amigos, cos que pasaría moi bos ratos.

Pasou a primeira semana e leváronnos uns días de acampada lonxe do campamento base, durmíamos en lugares raros, vellos...igustábame esa idea!

Xa coa mochila preparada, as botas ben postas e as lanternas con pilas, comezamos a camiñar. En menos do que esperaba, estaba moi cansa, o mesmo que os meus compañeiros, e decidimos adianta-la hora de durmir: esta noite durmiríamos no que foi un antigo colexio. Todos quedamos abraiados cando entramos, era todo de madeira, e aínda conservaba algún que outro vello pupitre. Cada un buscou un lugar, preto dos moni-

tores, para durmir con quen quixera. Eu e mailas miñas inseparables amigas Marisa, Noelia, Teresa e Míriam durmimos xuntas.

¡Cccccccrrrrrrrrrrrrrrssssssshhhh! Un pequeno renxer das vellas escaleiras: espertounos de súpeto a todas pero... ¿Que era iso? Unha especie de caveira erosionada achegábase cara nós rodando, ata pararse nos pés dos nosos sacos de durmir, apuntando cara unha fiestra asomámonos e...io que se vía era un antigo cemiterio!



O primeiro que fixemos foi avisar ós monitores pero a caveira xa non estaba, comezábamos a poñernos malas, do medo que corría polos nosos corpos.

Xa era pola mañá, eu pensaba que era un soño, pero cando o comentei coas rapazas, resultou que non o fora. Todas tivemos á vez un impulso, ¡a fiestra! Pois si, efectivamente alí estaba o cemiterio, e, xunto o meu saco, a caveira. Gardámola nunha bolsa para amosárllela ós monitores, pero a súa contestación deixounos coma pedras:

Fostes vós, ¿como explicades o renxer da escaleira? Non nos tomades por parvos.-

O día transcorreu sen ningún altercado, pero pola noite ocorreu algo parecido, case igual, o único que cambiou foi o tipo de óso, esta vez foi dunha perna enteira.

Foron transcorrendo así noites e noites seguidas, nós todas asustadas e sen saber que facer recorríamos ós monitores, que seguían sen crernos, volvíanos a botar a culpa, ¡e nós sen comelo nin bebelo! Chegamos a un acordo e bautizamos o campamento co nome terrorífico de Campamento Misterioso.

Na última noite, completouse o esqueleto, o que aínda nos provocou máis medo, porque coincidía precisamente coas nosas últimas horas no vello colexio.

Pero non, non pasou nada que non pasase nos días anteriores, o óso rodou e quedou apuntando cara a fiestra coma sempre.

Pero, aproximadamente unha hora despois, volvemos a espertar pero non polo mesmo ruído, senón que un cento de velas acesas rodeaban en círculo os nosos sacos. De trás de cada vela atopábase unha figura (que o noso parecer non era deste planeta) de cor branca, e preguntáronnos:

¿Que tal estas últimas noites nenas? ¿Gustouvos a compañía do esqueleto?

Cada un destes seres colleu unha vela e marchou polas escaleiras cara arriba. Estábamos mortiñas de medo, pero o cansazo venceunos e quedamos a durmir.

Á mañá seguinte os monitores dixéronnos esta frase:

¿Que tal estas últimas noites nenas? ¿Gustouvos a compañía do esqueleto?

Nós quedamos pálidas coma o papel, pero logo deunos a risa, e todas convencidas dixemos:

¡Con que fostes vós os do esqueleto, vaia susto nos metestes, mira que sodes bromistas, pero a mellor actuación foi a desta noite!

Entón si que foron eles os que quedaron calados, xuraron e perxuraron que esa noite non fixeran nada, xa que non atoparan ningún exemplar de óso restante.

A xulgar pola cara que puxeron, crémoslle ademais ensináronnos unha bolsa cos ósos, pero nós... itiñamos outra!

Pois si que era raro iso, e en vista do sucedido marchamos de aquela escola sen facer actividades nin nada, xa que o panorama non estaba para contos.

Foron moitas preguntas as que quedaron sen resposta, moitas cousas por aclarar...

O resto do campamento transcorreu normalmente, todas e cada unha das noites. O último día fixemos un pacto, todo aquilo non chegaría a boca dos nosos pais, por si sucedera algo ó mencionalo.

Pois así é como rematou este Campamento Misterioso, con moitos segredos sen desvelar, pero que lle íamos facer.

Só queda destacar que as miñas amigas e eu temos pensado repetir o campamento suceda o que suceda, e mentres non chega o verán escribímonos e sempre falamos daquela estraña experiencia. Pero para o resto das nosas vidas quedaranos esa pregunta sen resposta, ¿que sucedeu esas noites?

UN HEROE NA CIDADE

ACCÉSIT – CATEGORÍA D (1º Ciclo da ESO)

Autor: **DAVID CABANELAS LORENZO**

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Pepiño era un rapaz sinxelo de doce anos que tiña unhas lentes que parecían cus de vasos, o pelo escuro, os ollos negros e a penas acadaba o metro e medio de estatura. Este rapaz procedía dunha familia de meigas e bruxos que facían todo tipo de feitiços. No colexio o resto dos compañeiros chamábanlle “Pepiño coello”, alcume que lle puxera seu pai polos seus dentes de sacho. A casa de Pepiño encontrábase no alto do monte, tiña unha pinta moi rara, un pouco sinistra, pero si a casa era tétrica, non digamos ós seus avós, que parecían cavernícolas. A todo isto a súa familia era moi respec-

tada na vila, a nai posuía unha tenda na que podías atopar todo tipo de cousas, dende potaxes ata pendentes.


Como moitos dos rapaces da súa idade, Pepiño era un apaixonado dos cómics, as historias que lía xunto co seu amigo Xosé, eran os seus mellores apoios cando estaba aburrido e tiña problemas tanto na escola como no fogar. O heroe preferido de Pepiño era o home-trono, tamén chamado "TRONO MAN" que se dedicaba a axudar a todos os que necesitasen. "TRONO MAN" era admirado por todas as persoas do mundo, a admiración que tiña Pepiño por este heroe debíase a súa capacidade para conquistar a tódalas persoas, inda que tamén lle gustaban os seus poderes, como fundir o ferro coa vista, voar, a súa forza e o enxeño particular.



Un día, mentres Pepiño camiñaba polo bosque indo xa para a súa casa levantouse unha tempestade, Pepiño correu cara unha carballeira que se atopaba preto e... ¡BUUM! un raio alcanzouno. O rapaz quedou tumbado no chan como se de morto se tratase, e escoitou unha voz.

Pepiño espertou e xa se atopaba no seu fogar, na súa cama e con toda a súa familia ó seu arredor. Por primeira vez sentiuse o centro de atención, pero o que el non sabía era que ese maldito raio, que case o mata, ía dotalo dos mesmos poderes có seu heroe de ficción.

Pepiño, de antigo parvo na escola, pasou a ser a persoa máis popular do seu colexio, ía facendo ben por toda a vila, e convertíase nun heroe local e nacional. Pero coma tódolos heroes de cómics a Pepiño nacéralle un inimigo que se facía chamar o "Gato Azul". Esta malvada persoa dedicábase a destruír todo o ben do mundo. Pepiño, seguindo o consello da súa avoa, tomou unha receita dunha apócema para facer que as persoas envexosas e avaras se convertesen en boas e honradas. Na receita figuraban uns nomes de herbas estrañas, patas de ras e lava petrificada, que foi o que máis lle custou conseguir. Ó facer a mestura, o líquido tiña un fedor moi estraño.



Mentres o malvado "Gato Azul" se dispuña a esnaquizar unha gran estatua, Pepiño derívoo e despois dunha encarnizada pelexa logrou darlle a apócema e o inimigo con-

verteuse no seu aliado, traballando xuntos para combate-lo mal no mundo. Pero... Pepiño escoitou de novo esa estraña voz:

¡Pepiño! ¡Esperta, esperta!

Foi entón cando en realidade espertou e decatouse de que todo fora un soño, pero aínda así eu preguntovos, ¿en realidade tería Pepiño poderes despois do impacto do raio?

“Mañá, á mesma hora, no mesmo canal, poderedes seguir as aventuras de Pepiño e os seus amigos arranxando o mundo que os arrodea”.

O LAPIS E A GOMA

ACCÉSIT – CATEGORÍA D (1º Ciclo da ESO)

Autora: JHOANA BARREIRO PORTELA


Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Era un soleado día do mes de xuño, o final de curso xa chegara e, coma tódolos anos por estas datas, o lapis e a goma quedaron esquecidos no lapiseiro. Fartos xa disto, decidiron cambiar as cousas e planearon que se irían de vacacións ata chegar a un lugar coseteiro. Aínda que era unha perigosa aventura decidiron realizala, poste que era o único gran soño que a goma non cumprira aínda, e quería realizalo antes de que o seu gastado corpo se consumise totalmente

Decidiron saír pola mañá cedo, cando todo o mundo estivese durmindo, para que non se percatasen da súa fuxida.

E así foi como os nosos dous amigos se puxeron en marcha polas anchas beirarrúas da cidade.

Chegou a tarde e a xente comezou a saír á rúa, para a desgracia dos nosos amigos, pois eran pisoteados constantemente.



Cansos xa de tanto pisotón, decidiron pararse nunha esquina para descansar, pero, de súpeto, alguén púxose diante deles, recolleunos do chan, levounos para a súa casa e colocounos nun vello moble, para máis tarde introducilos no interior dun lapiseiro onde se atopaban xa un afialapis e un bolígrafo.

Pola noite a goma contoulle ós seus novos compañeiros a súa idea de chegar ata o mar, a isto o bolígrafo respondeu:

“Posto que a miña tinta xa vai escaseando e logo serei inutilizado non perderei nada en ir con vós, poste que non ven nada mal unha aventura de tal magnitude antes de retirarme”.

O afialapis, afirmando que as súas coitelas xa non eran as de antano, dixo que tamén a el lle gustaría unirse á viaxe.

E así foi como á tardiña, os catro, no interior do lapiseiro emprenderon a marcha.

Despois de cinco días e cinco noites de longas camiñadas, chegaron por fin a unha vila costeira, era unha paraxe única, con moita vexetación e cun arrecendo inconfundible a sal.

Ían arrastrándose a duras penas, pois xa estaban moi cansos despois da longa viaxe cando de súpeto, escoitaron o murmuro do mar rozando a area, danse a volta e... descubriron aquilo que a goma sempre desexara ver, o mar.

Por uns intres pensaron que sería un soño, pero non era así.

Apresuráronse en baixar á praia e quedaron tan fascinados que decidiron botarse ó mar e comezar a navegar, pero decatáronse de que non se movían da beira e polo tanto decidiron que o lapis e o bolígrafo servirían de remos. Foi así como comezaron a meterse no ancho do mar.

Todo parecía ir ben ata que de súpeto, unha onda se abalanzou sobre o lapiseiro e, pouco a pouco, foino anegando de auga ata que se afundiou totalmente. E todos pensaron que ese sería o seu fin pero non foi así, pois a medida que ían baixando sentíanse cada vez máis e máis mozos e descubriron que o bolígrafo volvía a ter tinta, que á goma volvíalle a nacer o seu corpo desgastado e que o afialapis tiña as coitelas máis afiadas.

Pero as súas sorpresas non remataron aquí, ó chegar ó fondo do mar descubriron unha escola e, en canto os afanosos alumnos os divisaron, dixéronlles que se quedaran alí, pois facíanlle moita falta para poder seguir estudando.

Os catro amigos aceptaron e quedaron no mar para sempre, pois mentres lles estaban facendo un favor ós estudantes, eles volvíanse a sentir útiles, cousa que non lles sucedía desde había moito tempo.

O XARDÍN ENCANTADO

1º PREMIO – CATEGORÍA C (3º Ciclo de Educ. Primaria)

Autora: ALBA COUSO PEREIRA
CEIP DE BELUSO

Era un xardín a simple vista moi normal. Pero en canto te ías metendo nel íaste decatando de que non era así. Nel había: Plantas coma nun xardín calquera pero no medio delas había pequenos seres que o estaban pasando moi ben. Eu pregunteille ó encargado do xardín que eran aqueles pequenos seres. El díxome: ¿De que seres me falas? Dinme conta de que a aqueles seres só podía velos eu.



De súpeto un deles estirou a súa man e deume a cheirar unha flor. Cheirei aquela flor e convertínme nun ser tan pequeno coma eles. Entón foi cando empecei a formar parte do seu pequeno mundo. Pouco a pouco fóronme ensinando a súa forma de vivir.



Formaban parte dunha gran comunidade. Nela vivían con gran paz e harmonía. Cada familia dedicábase a un oficio diferente: uns eran carpinteiros, outros panadeiros, etc. Deste xeito non carecían de nada. Os máis pequenos dedicaban a maior parte do tempo á súa educación e a xogar. Neste increíble mundo as poucas discusións que había resolvíanse facendo grandes reunións nas que cada un dicía o que pensaba sobre o tema a discutir, e a pesar de que había grandes diferencias entre eles



sempre resolvían o problema dunha forma moi cordial.

O LIBRO SOLITARIO

2º PREMIO – CATEGORÍA C (3º Ciclo de Educ. Primaria)

Autora: **MARINA LORENZO RIAL**
CEIP `A PEDRA` DE BUEU

Nun día de sol radiante no que oso sorría, un libro solitario camiñaba polo campo. Estaba triste, pois os nenos non querían ler. Estaba tan triste que se sentou nunha pedra e botouse a chorar.

Nese momento pasaron por alí uns nenos, Laura e Uxío, coa súa nai e vírono.

Uxío, ó chegar á casa, púxose a xogar co seu camiión, e Laura coa boneca. Ó pouco tempo estaban aburridos pensando nas historias que gardaría o libro que viron no campo.

Á hora de cear, os nenos oíron choros que procedían de debaixo do balcón, foron a ver quen choraba e descubriron o libro baixo o balcón no que eles estaban.

Baixaron as escadas moi lixeiros, querían chegar o antes posible xunto ó seu novo amigo, o libro. Os nenos saíron pola porta e o libro ó velos aledouse tanto que comezou a brincar. Laura, Uxío e o libro entraron na casa. O libro abriuse no chan e os nenos comezaron a ler.

Primeiro convertéronse nuns piratas malvados que cruzaban o mar no medio dunha gran treboada. Logo en dous indios con moitas plumas de cores variadas.

Ó finalizar Laura colleu o libro e púxoo na gran estantería da súa habitación. Xunto cos bonecos e xogos cos que ela e o seu irmán xogaban.

O libro nunca máis voltou a sentirse triste, agora tiña amigos que o querían e que o coidaban.



O LAPIS MÁXICO

3º PREMIO – CATEGORÍA C (3º Ciclo de Educ. Primaria)

Autor: **MIGUEL FREIRE ANGUEIRA**

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu



Érase unha vez un neno chamado Xoán, tiña cinco anos. Un día de setembro foi coa súa nai a facelas compras e quedouse abraiado cando a nai lle ensinou unha libretiña pequena e un lapis de dúas cores e cunha goma na parte de arriba. Este sería o seu material para a escola. Nunca vira unha escola nun un caderno, nin un lapis. Este último espertou en Xoán unha gran curiosidade. Divertíase debuxando monigotes pequenos nas follas do seu novo caderno.

Pasaba as clases debuxando e debuxando co seu lapis mentres os demais nenos xogaban con algúns bonecos e pelotas.

A súa mestra decatouse de que este neno sentía algo especial por ese lapis. Eran inseparables, xamais veríamos a Xoán sen o seu lapis no peto. Contaba cun talento enveñado por moitos artistas coñecidos. Xoán decidiu gardar ese lapis e non usalo máis. Empregábao como un amuleto, ese lapis fixo que un neno normal e corrente chamado Xoán, descubriuse a arte partindo de pequenos monigotes, que pouco a pouco foi mellorando, ata conseguir pintar auténticas paisaxes e fermosos retratos.

O noso amigo Xoán, xa cuns trinta anos, era un dos pintores máis coñecidos do mundo. Este lapis era realmente máxico, pois deulle sorte a Xoán, á súa familia, ós seus fillos, ós seus netos...

Este lapis pasou de pai a fillo gardado nun estoxo de madeira, co interior forrado de tea. Foi un recordo de familia que creou unha chea de artistas. Poucos foron os que puideron disfrutar da inexplicable maxia que este lapis repartía.

Non o sabemos con seguridade, pero di meu avó que fai anos apareceu un lapis nun estuche de madeira nas fincas da familia Pérez, pero foi devolto ó mesmo campo onde o atoparon, por respecto a esta importante familia. Meu avó contoume que daquela familia non sobrevivira ninguén, pois un desafortunado incendio acabou coa maxia da familia Pérez.

Aínda hoxe vou pasear polas fincas dos Pérez tentando atopar o estuche co lapis máxico, iquen sabe o que podería facer con el!

VIAXE Ó FUTURO

1º PREMIO – CATEGORÍA B (2º Ciclo de Educ. Primaria)

Autor: **PAULO LEMOS DÍAZ**
CEIP A GUÍA - MEIRA

Ola, son Xoán, a miña vida é moi tranquila: xogar ó fútbol cos meus amigos, a pita, etc. Pero un dos meus tranquilos días non foi tan tranquilo. Pedro disparou o balón, que caeu nun pequeno burato (ben, iso é o que pensaba) e ... ó intentar colle-lo balón, caín no burato. Era un gran abismo que parecía non ter fin, cerrei os ollos. Batín o cú contra un anaco de terra que non era terra, era metal, mirei o meu arredor e estaba rodeado de máquinas voadoras.



Diante dos meus fociños está o balón, pero non estaba Sara, nin Pedro nin Alberto; só eu e mais o balón. Corrí sen ton nin son polas rúas de metal e xusto ó tropezar cun parafuso caín diante da miña rúa. Non estaba a casa de Pedro, nin a de Sara nin a miña. Había un gran rañaceos, subira ata o cuarto cando entrou alguén que me resultaba familiar. Era Pedro, case non o recoñecín, só pola cicatriz da man. Intentei falarlle pero xa baixara nesta parada do ascensor e a min no me deu tempo a saír.

Atopeino na entrada, ó lado dun home falando, e dicían:

¿Alberto, subiron as accións de Fafaronante Ecuapostie refresco sen gas?

Si, subiron un vinteseite por cento...

Era Alberto, quen ía pensar que Alberto Rúa Piñeiro, que xa suspendeu terceiro ía a ser un home de tantos negocios. Falei con eles pero ignoráronme falaban e dicían:

Outro que di que é Xoán, e este é pequenísimo- dixo Pedro:

Eh, un momento. Mira esta foto de cando éramos pequenos é igualiño, pero non pode ser así de pequeno, dixo Alberto.

Un segundo, seguideme dixen eu.

Chegamos ó descampado, un pouquiño máis pequeno por unha construción e aí estaba o burato. Despedinme de Pedro e Alberto (os maiores) e tireime polo abismo.

Ó chegar ó pasado díxome Pedro: ¿E o balón? ¡Esquecinme do balón! Espero que non vos interese que volva a contar a mesma historia porque iso é o que pasou porque tiven que recoller o balón no futuro.

Ata outra das miñas historias.

O HOME, O COFRE E O RÍO

2º PREMIO – CATEGORÍA B (2º Ciclo de Educ. Primaria)

Autor: **CRISTIAN PIÑEIRO HERMIDA**
CEIP SEQUELO - MARÍN



Un home chamado Xoán ía de viaxe dunha cidade a outra levando nas costas un cofre, cheo a rebosar, de moedas de ouro e de pedras preciosas de grande valor. Tanto pesaban as riquezas do cofre que Xoán detíñase a miúdo a descansar á sombra dos árbores, pois o lombo doíalle moito. Así, descansando e andando, chegou ata outra beira do río. Non se arredou e, agarrando moi forte o cofre sobre os seus ombreiros, introduciuse na auga.

Como a carga era tan grande, Xoán afundiáse a cada paso moito máis que si non a levara. Cando tivo atravesado a metade do río, a auga chegáballe ata a metade da boca. Non podía nadar. O cofre empuxábao ata o fondo e, aínda que chapoteaba furiosamente, non lograba avanzar un só palmo. Vindo que Xoán se atopaba nunha situación moi difícil e perigosa, un home, subido a unha póla, dende a outra beira, berroulle:

¡Eh, maxadeiro! ¿De que che serven as túas riquezas se perdes a vida? Xa que tes que decidir entre o teu cofre e o teu pelexo, arroxa ó río o teu tesouro e sálvate, non sexas papán.

A Xoán a auga chegáballe ata o nariz. Respiraba traballosamente e pensaba que si non podía salvar o seu cofre tampouco merecía a pena seguir vivindo. Deixábase morrer, cando a voz da beira sonou de novo:

¡Sálvate, irmán, sálvate! Tira o teu cofre á auga. Se conserva-la túa vida, poderás reunir co tempo outro tesouro. Se morres perderás a vida e as riquezas.

E Xoán escoitou, cando tiña xa os pulmóns a punto de rebentar dentro do peito. E esta vez fixo caso da advertencia do home da beira e empurrou o cofre a auga.

Dende entón aquel tesouro xace no fondo daquel río. E nos días de gran sol a superficie da auga está chea de brillos e cores: son as moedas de ouro e pedras preciosas que relocen entre as areas do fondo.

O LIBRO MÁXICO

3º PREMIO – CATEGORÍA B (2º Ciclo de Educ. Primaria)

Autora: **ARACELI PIEDRAS ABAL**
CEIP `A PEDRA` DE BUEU



Érase unha vez, un libro máxico que atopou un rapaz nun castelo en ruínas. O libro contiña pocións máxicas, feitizos, etc. Pablo, que era o nome do rapaz, non sabía ler, non lle gustaba facelo porque non pronunciaba ben as letras e, en vez de coller un libro e pórse a ler, andaba todo o día xogando na rúa.

Un día, do libro máxico saíu un **P**, que coincidiu coa primeira letra do seu nome, e díxolle que se quería conseguir completa-lo seu nome tiña que facer unhas probas.

A primeira, era ler dous libros, como o superou obtivo a **P**.

A 2ª proba era ler un libro en voz alta, acadou o **A**. Xa tiña **PA**.

A 3ª proba era facer un conto, logrou o **B**.

A 4ª proba era ler o libro moitas veces, gañou o **L**.

A última e 5ª proba era ler o seu libro diante de centos de persoas. E conseguiu a última letra, o **O**.

E despois diso aprendeu a ler ben.

UN PASEO SUBMARINO

1º PREMIO – CATEGORÍA A (1º Ciclo de Educ. Primaria)

Autor: **XABIER PIÑEIRO CHAPELA**
CEIP A GUÍA - MOAÑA



Os pais de Roi marcharon de viaxe e el tivo que quedar coa súa avoa. A casa estaba situada na ribeira, mesmo ó lado do mar. Polas tardes xogaba a tirar pedras ó mar e cando baixaba o mar Roi subía ás chalanas. Pero Roi aburríase porque non había nenos da súa idade.

Un día foi á adega da casa onde fai moitos anos os mariñeiros gardaban os aparellos. Buscou nun baúl e atopou un traxe de buzo; foise cara a praia, vestiuno e comezou a andar polo fondo do mar. Andando e andando ata que se atopou nun bosque de lianas e deuse conta que estaba debaixo dunha batea. Seguiu o seu paseo e comezou a sentir uns ruídos ichap, chap! deuse conta de que eran golfiños. Un deles convidouno a que subira ó seu lombo e Roi díxolle que si. Saltando e saltando chegaron a unha illa e escoitouse unha voz que dicía: ¡Roi! ¡Xa chegaron os teus pais!

O COELLO LAMBÓN

2º PREMIO – CATEGORÍA A (1º Ciclo de Educ. Primaria)

Autora: IRENE LÓPEZ GUTIÉRREZ
CEIP `A PEDRA` DE BUEU



Había unha vez unha nena que foi ó campo coa súa avoa e atopouse con moitas tobeiras. Nunha delas estaba un coello que se chamaba Lambón. Nada máis a nena pousara a cesta no chan, o coello comeulle a merenda. A nena púxose a chorar.

Pero o outro día que foi ó campo e lembrouse do coello e levou comida para ela e para Lambón. E así foi como se fixeron moi amigos.

* * *

O PEQUENO COELLO

3º PREMIO – CATEGORÍA A (1º Ciclo de Educ. Primaria)

Autor: RUBÉN OTERO PARCERO
CEIP ESPIÑEIRA DE ALDÁN



Pedriña era un coello pequeno, e a súa nai deixouno só para que aprendera a buscar comida.

Pedriño corre cara arriba en busca dunha cenoria ou dalgún trevo.

De súpeto chégalle un cheiro a comida moi rica.

Pedriño vai correndo para atopar a comida e encontrou unha dentro dunha manta. Sen pensalo dúas veces, cólase debaixo da manta para facerse coa comida. De súpeto, pechouse a manta e quedou atrapado.

Cando Pedriño mirou a luz do sol, tiña un gran lazo azul. Agora era a mascota dun neno chamado David.

FITO E NICOLAS

HABIA UNHA VEZ DOUS RATIÑOS QUE QUERIAN FACER AMIGOS EN BUEU



VISITARON AS CASAS DOS NENOS DE 3 ANOS DO COLEXIO 'A PEDRA'



E CONECEU A:



XOGOU COS XOGUETES E COS NENOS. FIXO MUITOS AMIGOS OS QUE NUNCA OLVIDARIA



MARCHOU TODO CONTENTO MONTADO NUM CAMION AMARELO QUE LLE CONSTRUIRON ENTRE TODOS

BUSCANDO OUTROS NENOS DOS QUE FACERSE AMIGO

Alumnos de 4 anos de Educación Infantil do Colexio "A Pedra" de Bueu



Alumnos de 5 anos de Educación Infantil do Colexio "A Pedra" de Bueu

Xan é un neno que vive cerca da praia.



Gustáballe xogar coa areia, as cunchas e o cubo.



Un día atopou unha botella na praia.



ÍNDICE

CONTO	AUTOR	COLEXIO	PÁX.
MANUEL MURGUÍA	ESTEFANÍA RDGUEZ FAZANES	CEIP A PEDRA - BUEU	3
OS QUINCE DE ANA	NOEMÍ IGNACIO COSTA	IES ILLA DE ONS - BUEU	4-5
¿UN DESMAIO?	BORJA PIÑEIRO MUNDÍN	IES ILLA DE ONS - BUEU	6-7
O HOME QUE BUSCA A XUVENTUDE	ÁNXELA Mª SÁNCHEZ SANTOMÉ	COL.VIRXE MILAGROSA	8-9
CAMPAMENTO MISTERIOSO	CRISTINA SANMARTÍN CHAPELA	COL.VIRXE MILAGROSA	10-12
UN HEROE NA CIDADE	DAVID CABANELAS LORENZO	COL.VIRXE MILAGROSA	12-14
O LAPIS E A GOMA	JOHANA BARREIRO PORTELA	COL.VIRXE MILAGROSA	14-15
O XARDÍN ENCANTADO	ALBA COUSO PEREIRA	CEIP DE BELUSO	16
O LIBRO SOLITARIO	MARINA LORENZO RIAL	CEIP A PEDRA - BUEU	17
O LAPIS MÁXICO	MIGUEL FREIRE ANGUEIRA	COL.VIRXE MILAGROSA	18
VIAXE Ó FUTURO	PAULO LEMOS DÍAZ	CEIP A GUÍA - MOAÑA	19
O HOME, O COFRE E O RÍO	CRISTIAN PIÑEIRO HERMIDA	CEIP SEQUELO – MARÍN	20
O LIBRO MÁXICO	ARACELI PIEDRAS ABAL	CEIP A PEDRA - BUEU	21
UN PASEO SUBMARINO	XABIER PIÑEIRO CHAPELA	CEIP A GUÍA - MOAÑA	22
O COELLO LAMBÓN	IRENE LÓPEZ GUTIÉRREZ	CEIP A PEDRA - BUEU	23
O PEQUENO COELLO	RUBÉN OTERO PARCERO	CEIP ESPÍNEIRA - ALDÁN	24
FITO E NICOLÁS	AULA INFANTIL 3 ANOS	CEIP A PEDRA - BUEU	25
O PESCADOR E O “TIBURÓN”	AULA INFANTIL 4 ANOS	CEIP A PEDRA - BUEU	26
XAN E A PRAIA	AULA INFANTIL 5 ANOS	CEIP A PEDRA - BUEU	26